



# Concello de Chantada (Lugo)

Pza. de España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982 44 00 11 - Fax. 982 46 21 02

Unha vez estudada a documentación que compón o **PROXECTO MODIFICADO 1 DE MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL (CAMIÑO ARGOZÓN-MOREIRAS, CAMIÑO VILANOVA-RIAZÓN, CAMIÑO SAN CRISTOVO-NANDE E CAMIÑO DE BERMÚN)**, por min redactado, emítese o seguinte

## INFORME:

Supervísase e compróbase:

1. Que o proxecto é viable xeometricamente.
2. Que o proxecto inclúe os seguintes documentos de acordo co establecido no artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:
  - a. Unha memoria descritiva que recolle os antecedentes e a situación previa ás obras a executar, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada.
  - b. Planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como aqueles que delimitan a ocupación dos terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados por a súa execución.
  - c. Un prego de prescricións técnicas particulares, onde se describen as obras e se regula a súa execución.
  - d. Un orzamento con expresión de prezos unitarios e descompostos, estado de medicións e detalles precisos para a súa valoración.
  - e. Un programa de desenvolvemento dos traballos con previsión de tempo e coste.
  - f. As referencias necesarias para o replanteo da obra.
  - g. Estudo básico de seguridade e saúde.

Normativa urbanística de aplicación:

- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada.
- Decreto 83/2008,, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da L.S.G.

As obras desenvólvense parte sobre sobre Solo Non Urbanizable (Régime Xeral), Solo Rústico segundo a L.S.G.

As devanditas obras axústanse á normativa urbanística vixente.

A totalidade da obra desenvólvese sobre terreos públicos municipais non sendo necesaria a ocupación ou expropiación de terreos privados.

Para a execución destas obras non compre informe sectorial algún.

O artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, fixa que será preceptiva a supervisión dos proxectos cando o orzamento base de licitación do contrato de obras sexa igual ou superior a 500.000 euros, I.V.E. excluído, ou cando as obras afecten á estabilidade, seguridade ou estanqueidade dun inmovible. Nos demais casos, como é o que nos atopamos, o informe será facultativo.

O artigo 233.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sinala que o proxecto deberá incluír un estudo xeotécnico dos terreos sobre os que esta se vai a executar, salvo que resulte incompatible coa natureza da obra. Dado que se trata de obras a desenvolver en superficie, nas que non se actúa sobre taludes nin estruturas de importancia, e as cargas sobre o terreo non varían as actuantes na actualidade, entendo que nos atopamos no suposto que exclúe a obrigatoriedade do estudio xeotécnico.

Respecto á garantía máxima que como mellora se podería incluír no prego de prescricións particulares, entendo que non debería superar os dez (10) anos, polas características dos materiais utilizados.

Constátase, así mesmo, que o devandito proxecto presenta sustantividade propia xa que constitúe unha unidade funcional susceptible de ser entregada ó uso público unha vez terminada. Dáse diste xeito cumprimento ó establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

### **CONCLUSIÓN:**

Polo sinalado, entendo que o proxecto presentado é un documento completo no que se verifica que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario, a normativa urbanística de aplicación así como a normativa técnica que lle é de aplicación ó mesmo.

Juan García Pérez.

Arquitecto do Servizo de Urbanismo do Concello de Chantada.

Documento asinado dixitalmente á marxe.